

Paul Berna  
O cabalo sen cabeza

ESTE LIBRO

regaláronllo a .....

gañouno .....

mercouno .....

atopouno .....





## Un bonito xoves

A banda de Gaby estaba reunida no alto da rúa dos Nenos Pobres, fronte á casa de Fernand Douin. Un tras outro, os dez cativos montaron no cabalo sen cabeza e lanzáronse a toda velocidade ata o camiño da Vaca Negra, onde remataba o descenso. Alí, o xinete desmontaba dun salto e subía rapidamente a costa, remolcando a súa montura, porque os amigos agardaban a súa quenda con impaciencia.

Dende o día en que Marion, a nena dos cans, derrubara o vello señor Gédéon ó cruzar a rúa Cécile, apostaban o pequeno Bonbon no cruzamento para deter os viandantes ou para avisar se se achegaba un vehículo. O cabalo percorreu toda a rúa dos Nenos Pobres sobre as súas tres rodas de ferro, facendo un ruído formidable. Era delicioso. A incógnita do cruzamento e os seus perigos facían a carreira aínda máis emocionante, e ademais había ó final do descenso aquela repentina subida que collía o cabalo en pleno ímpeto e o lanzaba ó terraplén do cercado de Pecqueux, ante o horizonte de campos espidos e grises.

Durante dous segundos, o xinete tiña a sensación de voar cara ó ceo. Se esquecía frear cos talóns, saía disparado por riba do pescozo do cabalo e aterraba brutalmente sobre as nádegas, o cal engadía unha pequena dose de incerteza a cada

descenso. Os rapaces chamábanlle a iso «voo sen motor». En cada unha destas ocasións, o cabalo basculaba sobre o terraplén e os seus flancos ocos soaban lugubrementemente contra as pedras. Eran unhas boas pancadas.

Este cabalo sen cabeza era propiedade de Fernand dende había un ano. Un trapeiro do barrio de Bacchus cedérallo ó señor Douin a cambio de tres paquetes de picadura de tabaco, e Fernand atopárao ó lado dos zapatos na mañá de Nadal. Durante cinco minutos quedara mudo e paralizado de ledicia, a pesar de que o cabalo sen cabeza non tiña nada de extraordinario. Para empezar, non tiña cabeza, nin sequera ó principio, pois a que lle fixera o señor Douin de cartón non durara nin dous días: Marion arrincárala no seu primeiro descenso ó chocar a corenta por hora contra o coche do señor Mazurier, o comerciante de carbón da rúa Cécile. A cabeza quedara na cuneta xunto coas dúas patas dianteiras, que tamén se resentiran do golpe. As patas traseiras quedaran estragadas durante o temerario intento de cruzar o estreito túnel do camiño da Pontella. Do rabo non había nada que dicir, porque nunca o tivera. Quedaba o corpo, que era o dun cabalo gris con pintas, de pintura cuarteada, cunha pequena sela marrón pintada enriba. Ademais, o trapeiro entregara o vello triciclo sen pedais e sen cadea; pero non se pode ter todo e, no estado que acabamos de describir, este cabalo de tres rodas corría coma unha cebrá polo asfalto descendente da rúa dos Nenos Pobres.

Os celosos do barrio de Ferrand afirmaban que este cabalo reducido á mínima expresión podería ser igualmente un burro ou un porco, ou máis ben un porco ca calquera outra cousa, que os vaqueiros da rúa dos Nenos Pobres facían o parvo montando nun porco sen cabeza, que calquera día partirían eles as súas e que lles estaría ben. Hai que recoñecer que ó principio

o adestramento do cabalo sen cabeza fora bastante difícil. Fernand esnafrara o xeonllo contra o valado do almacén de César Aravant, e Marion deixara dous dentes no túnel da Pontella. Todo isto doera. Pero o xeonllo sandara en tres días e os dentes volveron saír en quince. O cabalo seguía correndo e correndo ben, como se podería imaxinar nun lugarexo da periferia onde todos os homes sans teñen como emprego conducir trens.

E finalmente fora grazas ó cabalo sen cabeza como Fernand conseguira que entrase a súa amiga a nena dos cans na banda de Gaby, a máis hermética das asociacións secretas de Louvigny Empalme. Tras unha laboriosa negociación, acordárase que a cuadrilla utilizaría o cabalo a razón dunha sesión por día e dous descensos por cabeza en cada sesión, para non desgastar demasiado o artefacto. Incluso a ese ritmo reducido non se contaba con que o cabalo sen cabeza durase demasiado, como moito ata a Pascua. Pero o caso é que aguantara a pesar das tremendas colisións, e baixaba pola rúa dos Nenos Pobres a toda velocidade. Gaby, que facía todo o percorrido sen frear, fixara o récord en trinta e cinco segundos.

A práctica deste deporte exclusivo e salvaxe non fixo máis que reforzar a gran solidariedade que unía os membros do clan. Gaby limitara deliberadamente o número permanente e non aceptaba a ningún maior de doce anos, porque, segundo afirmaba: «A partir dos doce anos todos se volven completamente parvos. E teñen sorte se non lles dura toda a vida!». O inconveniente era que o límite de idade ameazaba o propio Gaby, polo cal estivera matinando en segredo se levalo ata os catorce anos para beneficiarse dunha pequena prórroga.

Había pouco que Tatave, o irmán máis vello do pequeno Bonbon, tivera que marchar soportando as burlas dos seus compañeiros.

–Tendo en conta o seu peso, só lle deberíamos permitir facer un descenso –díxolle Marion a Fernand–. Porque un día o teu cabalo vai quedar esmagado debaixo desa bóla de sebo, e veremos como o trae de volta coas rodas tortas.

Cincuenta metros máis abaixo o pequeno Bonbon vixiaba o final da rúa Cécile, e axitou os dous brazos para indicar que había vía libre. Tatave pasou diante del coma un bólido, coa cabeza baixa e agarrado ó enferruxado guiador do cabalo sen cabeza.

–É grande e pesado, pero nunca o fará mellor que Gaby –dixo Juan o español encollendo os ombreiros, e xusto nese momento Tatave acovardouse e comezou a frear vinte metros antes de chegar á Vaca Negra–. Un día temos que lanzalo costa abaixo coas dúas pernas atadas debaixo do guiador.

Máis adiante, a rúa dos Nenos Pobres describía unha longa curva que ocultaba o seu final ós observadores. Agardaron, aínda que non moito tempo. De súpeto chegou dende o fondo da rúa un tremendo estrondo de vidros rotos, seguido de inmediato por uns berros estridentes, unha explosión de pecados e a detonación seca dun par de labazadas.

–Ala! Tatave esnafrouse –rosmou Gaby, apertando a mandíbula–. Ese pailán atoparía o xeito de esnaquizar as cousas mesmo montado nunha viga!

–Vamos ver –propuxo Fernand, que estaba preocupado polo cabalo sen cabeza.

–Zidore e Mélie quedaron abaixo –dixo Marion–. Seguero que conseguen sacalo de alí sen nós.

Gaby mirou ó seu arredor maquinalmente: ademais da nena dos cans, Fernand e Juan o español, estaban alí Berthe Gédéon e Criquet Lariqué, o negriño do barrio de Bacchus.

–Vaíamos de todos os xeitos á rúa Cécile –dixo–. Non podemos deixalos sós. Se cadra rompeu algo.

Ó chegaren ó cruzamento viron que os outros saían lentamente da curva, baixo o triste ceo de decembro. Zidore Loche arrastraba polo guiador o desafortunado cabalo sen cabeza, que só rodaba sobre dúas rodas. Colorado pola emoción, Tatave camiñaba ó seu carón, coxeando un pouco; na man levaba a terceira roda, a dianteira. Pechaba a marcha Amélie Babin, a enfermeira da banda, rindo en silencio e coa boca aberta ata as orellas. De cando en vez volvíase para botarlle unha ollada ó fondo da rúa dos Nenos Pobres, onde alguén berraba con voz trémula.

—Con esa manía súa de frear no momento equivocado era sabido que algún día lle pasaría iso! —exclamou Zidore ó achegarse—. O vello Zigon saía da estrada nacional co seu carriño de botellas. Nese momento apareceu Tatave pola curva. Eu non me inmutei, porque tiña tempo de sobra para pasar. Pero non! Porque vai o Tatave e frea en seco coas dúas mans ata que, pam!, se esnafra de cheo contra o carriño.

Mélie estaba pletórica. Tiña a cariña delgada cinguida por un pano negro que lle apertaba o floco louro ben peiteado.

—Tatave fixo un deses voos sen motor! Tiñades que velo! —engadiu—. Pasou coma un obús por riba do arame de espiño do cercado de Pecqueux. Xúrovoló! O vello Zigon quedou dunha peza.

—Pasoulle algo ó vello? —preguntou Gaby.

—Nada, pero rompéronlle dúas ducias de botellas, e está que bota chispas.

—Mañá á tardiña levámoslle cinco ducias —dixo Marion—. Detrás dos vagóns vellos do almacén hai un burato cheo delas. Ninguén coñece o agocho.

Tatave tiña un corte profundo debaixo do xeonllo esquerdo e a parte de atrás do pantalón enzoufada de barro amarelo.

–Carainas e carainas e carainas e carainas! –repetiu Tata-  
ve, aparvado.

Deulle a roda a Fernand con xesto aflixido, mentres os outros se amoreaban arredor de Zidore para examinar o cabalo sen cabeza.

Fifi, o can favorito de Marion, olfacteaba con desconfianza a carcasa de cartón e o seu ventre gris percorrido por longas cicatrices.

–Parece que este golpe foi o definitivo –declarou Gaby, consternado, mentres se erguía–. A forcada arrincada de raíz: os dous extremos quedaron na roda. Fixeches un gran traballo, Tatave!

Tatave baixou a enorme cabeza rubia, sorbendo polo nariz.

Abatidos pola catástrofe, quedaron todos mudos durante un momento. Fernand tiña o corazón nun puño. O seu cabalo! Non había outro igual dende Louvigny a Villeneuve-Saint-Georges. Marion levantou a man e pousouna suavemente no ombreiro de Fernand.

–Se cadra o teu pai pódenolo arranxar –dixo en voz baixa–. Outra vez...

–Non sei eu –respondeu Fernand, negando coa cabeza–. Ten a forcada rota, entendes? É unha reparación importante.

O pequeno Bonbon subía dende a rúa Cécile chorando desconsoladamente.

–Sempre pasa o mesmo! –berraba–. Rompe o cabalo e eu quedo sen a miña segunda quenda!

Gaby agachouse para consolar o benxamín da banda.

–Non chores, Bonbon! –díxolle con voz ruda–. A próxima vez podes baixar tres veces no canto de dúas.